

Modificacións no percorrido das liñas 5, 12, C2 e C4 có inicio da fase V das obras na rotonda de Conxo (a partir do mércores 16 de marzo de 2016)

A partir do mércores 16 de marzo, as liñas 5, 12, C2 e C4 do transporte urbano modificarán os seus percorridos de desvío:

- **Liña 5:**

Continúa a facer os desvíos que está a realizar na fase IV, se ben a liña recupera as paradas de Sánchez Freire (575) dirección Rocha e a de avda. de Ferrol (pza. da Mercé)(85) dirección Vite.

*Sentido Vite – Rocha: continuará a desviarse como na actualidade pola SC-20 en dirección sur ata Rocha e Rocha Vella, segundo lle corresponda por horario. Accederá á SC-20 directamente na rotonda de Conxo, **polo que se recupera nesta dirección a parada 575 (Sánchez Freire).**

*Sentido Rocha – Vite: itinerario habitual por Poza Real e Torrente ata a parada do psiquiátrico de Conxo (412). Na rotonda, os autobuses seguirán a realizar o cambio de sentido en Cornes, polo que o seu itinerario desde alí será ata a rotonda, rúa Conxo de Arriba e retomarán a liña no final da avda. de Ferrol. **Recupérase a parada 85, avda. Ferrol (pza. da Mercé).**

A liña 5 en dirección centro e Vite, **NON** accederá ao hospital Provincial como na fase III das obras, agás nas viaxes de prolongación habituais establecidas.

Do mesmo xeito, a liña **NON** circulará por Benéfica de Conxo e Torrente nos dous sentidos de circulación, indo soamente en dirección Vite, ao igual que está a facer na actualidade.

- **Liñas 12 e C4:**

O percorrido destas dúas liñas queda normalizado nesta fase (aínda que seguen a facer o cambio de sentido en Cornes ao saír do hospital Provincial).

Volven a realizar a parada 85, avda. de Ferrol (praza da Mercé), que fóra suprimida na fase IV.

- **Liña C2: (CONTINÚA CÓ MESMO DESVÍO QUE ESTÁ A REALIZAR ACTUALMENTE)**

Para acceder ao hospital Provincial, os autobuses realizarán o seguinte desvío: itinerario habitual ata a rúa Sánchez Freire, avda. de Ferrol, Xosé Pasín (dirección Santa Marta), Emilia Pardo Bazán, avda. da Liberdade (parada eventual ao final da mesma), aparcadoiro de Santa Marta (percorrido e paradas inverso ao habitual nesta zona) e chegada ao hospital Provincial.

Á saída do hospital Provincial e para acceder ao hospital Clínico, fará o cambio de sentido en Cornes, rúa María Miramontes, rúa Manuel Beiras, rúa Xosé Pasín, Emilia Pardo Bazán, avda. da Liberdade e acceso ao hospital Clínico, desde donde retomará o itinerario habitual.

Non se suprimirán paradas, se ben as que se realizan no treito Campo de Conxo – Roláns – avda. da Liberdade, faranse no sentido contrario ao percorrido habitual, isto é, durante o desvío serán realizadas únicamente en sentido hospital Clínico – hospital Provincial.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901120054.**

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.